



## Concello de Arbo

**Expediente Gestiona:** 11/2024

**Procedemento:** Contratación do “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL”, tras concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Investimentos.

**Importe de adjudicación do contrato:** 51.425,00 € (IVE incluído do 21% que ascende a 8.925,00 €)

**Documento:** Resolución de alcaldía de inicio de expediente de contratación.

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ante a necesidade de contratar o “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL”, tras concesión de subvención para o financiamento da actuación pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Investimentos, **RESOLVO:**

1º Avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 21 de xuño de 2023.

2º Iniciar o expediente de contratación do referido subministro, incluída a súa instalación, a través de procedemento aberto, trámite ordinario, varios criterios de adjudicación; configurándose como contrato mixto, séndolle de aplicación para a preparación e adjudicación do mesmo, á vista da súa prestación principal, as normas e réxime do contrato de subministro, ao abeiro do artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2º Que se incorporen ao expediente os seguintes documentos:

- A emisión do informe da intervención municipal sobre % sobre recursos ordinarios do orzamento municipal vixente para determinar o órgano competente.
- Memoria técnica dos subministros a adquirir polo Concello e a subministrar polo adjudicatario, con indicación das súas características mínimas (materias, dimensións, etc....) .
- Informe de necesidade da presente contratación
- Certificado de existencia de crédito e informe de fiscalización da Intervención.
- Informe de secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.
- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

3º Que unha vez incorporados estes documentos, se sometan a súa posterior aprobación polo órgano de contratación competente.

Mándaa e asínaa o Sr. Alcalde, en Arbo, do que, como Secretaria, dou fe.  
O alcalde – Horacio Gil Expósito. *Documento asinado dixitalmente ao marxe.*  
A secretaria fedataria – Patricia Hernández Estévez. *Documento asinado dixitalmente ao marxe.*

